Por outra parte, o artigo 103.bis da LBRL modificada pola LRSAL, dispón a obriga de aprobar anualmente a masa salarial do persoal laboral do sector público local respectando os límites e as condicións que se establezan con carácter básico na lei de orzamentos xerais do Estado, polo que cómpre incluír ó persoal laboral da Deputación, Suplusa, Fundación Tic, e Consorcio de Extinción de Incendios.

O artigo 168.1 do TRLRFL, modificado pola disposición final primeira do R.D.–Lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, inclúe como documentación a unir ó orzamento da propia entidade, os anexos de beneficios fiscais en tributos locais e información sobre os convenios subscritos coa comunidade autónoma en materia de gasto social.

Entre os documentos que deben acompañar ó proxecto do Orzamento figura o Informe de Intervención, referido ao Orzamento Xeral, como sinala o apartado 4) do art. 168 do T.R.L.R.F.L. e art. 18.4 do R.d. 500/90, do 20 de abril. Por outra parte incorpórase ó expediente o informe de avaliación ó que se refire o artigo 16 do R.d. 1463/2007 e a normativa da LOESF, sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, límite de gasto non financeiro e débeda pública, sobre o Orzamento da propia Entidade, SUPLUSA, Fundación TIC e Consorcio Provincial de Lugo para prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

A funcionaria que subscribe indica, como aspectos relevantes no proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio actual, os seguintes:

1º.– O Orzamento Xeral ascende a 80.777.381,41 €, diminúe en 1.227.672,51 € respecto a 2017, o que representa un 1,50%. Está integrado polo da propia Entidade, e o da empresa SUPLUSA. Os orzamentos que integran o Orzamento Xeral aparecen equilibrados en gastos e ingresos e cumpren co principio de estabilidade orzamentaria.

2º.– O Orzamento consolidado dos 4 entes que conforman o perímetro de consolidación a efectos de avaliar o cumprimento dos obxectivos de estabilidade e débeda pública, así como o límite de gasto non financeiro e o plan orzamentario a medio prazo, está formado por:

- A propia entidade:	79.041.692,15 €
- SUPLUSA:	4.582.854,45 €
- Fundación TIC:	1.651.290,53 €
- Consorcio Provincial de extinción de incendios:	4.992.950,64 €
- Consolidación dos 4 entes (LOE)	83.703.156,73 €

Cúmprese cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública, segundo o informe de avaliación dos obxectivos (LOESF) que se acompaña no expediente e determinase o límite de gasto non financeiro en 88.828.402,23 €, coherente cos citados obxectivos de estabilidade e regra de gasto.

Así mesmo, cuantifícase a masa salarial do persoal laboral da Deputación en 2.521.223,38 €, en Suplusa é 1.183.060,35 €, na Fundación Tic 833.503,72 €, e no Consorcio de extinción de Incendios 36.474,12 €, polo que o total de masa salarial do persoal laboral é de 4.574.261,57 €, formado por todas as retribucións salariais e extrasalariais e os gastos de acción social no seu caso, sen aumento retributivo para 2018 en termos de homoxeneidade, polo que respecta a efectivos de persoal e á antigüidade do mesmo, de acordo co artigo 18 da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2017, sen prexuízo do aumento no persoal laboral da Deputación pola reestruturación do cadro de persoal. Ditas retribucións adecuaranse ao disposto na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2018, consignando a tal fin a previsión do 2 % das retribucións.

3º.- Forma parte da documentación, como anexo, o Plan orzamentario a medio prazo 2018-2020, remitido ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o 9 de marzo de 2017, con explicación das modificacións efectuadas no orzamento 2018; o Plan de Investimentos e Plan financeiro para o 2018 da propia Entidade, e o Programa anual de actuación, investimento e financiamento da empresa SUPLUSA; o estado de consolidación do Orzamento da propia Entidade e dos estados de previsión de SUPLUSA; e o estado da débeda financeira, conforme establece o art. 166.1. do T.R.L.R.F.L. e art. 12. do R.d. 500/90, do 20 de abril. Como documentación complementaria se achegan os Plans de Actuación da Fundación TIC, e o Orzamento do Consorcio Provincial de Lugo para prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento para 2018.

4º.- O Proxecto de Orzamento Xeral redactado polo Presidente, sobre a base do orzamento da propia entidade e estados de previsión de Suplusa, coa colaboración dos membros corporativos e dos funcionarios dos distintos Servizos coa asistencia dos funcionarios de Intervención, e máis o da empresa SUPLUSA, reúnen a documentación esixida polo artigo 168 do TRLRFL e art. 18 do R.d. 500/90, de 20 de abril, así como anexos do art. 166 do TRLRFL e art. 12 do R.d. 500/90, do 20 de abril, e os anexos da LOESF e demais normativa xa indicadas anteriormente.

Segundo o artigo 168.4 e 5 do TRLRFL, unha vez formado o proxecto de orzamento xeral polo Presidente e informado pola intervención, remítese ó Pleno para a súa aprobación, emenda ou devolución. O acordo será único, detallando os orzamentos que integran o orzamento xeral, non podendo aprobarse ningún deles separadamente.

O Orzamento Xeral está equilibrado en gastos e ingresos; así mesmo, o art. 16.2 do R.d. 500/90, do 20 de abril, dispón que ningún orzamento poderá presentar déficit ó longo do exercicio; en consecuencia, todo incremento nos créditos orzamentarios ou diminución nas previsións de ingresos deberá ser compensado no mesmo acto en que se acorde.

As Bases de Execución a que se refire o art. 166 do TRLRFL e art. 9 do R.d. 500/90 do 20 de abril, foron confeccionadas de acordo coa normativa vixente, así como a estrutura orzamentaria, segundo a O.m. 3565/2008 do 3 de decembro, modificada pola O.m. 419/2014, do 14 de marzo, e regulan a fiscalización previa limitada.

Nas ditas bases tívose en conta as novidades lexislativas, Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e o RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, con entrada en vigor o 9 de marzo e 1 de xullo de 2017 respectivamente; a disposición transitoria primeira das bases prevé a adaptación das mesmas a citada normativa segundo a entrada en vigor, dando conta ao Pleno.

En relación o control interno, esta Deputación xa viña aplicando a fiscalización limitada previa en réxime de requisitos básicos, adaptando os aprobados polo Consello de Ministros a organización e estrutura desta entidade, e adicionando aqueles que foron considerados polo Pleno incluídos nas bases de execución do orzamento, polo tanto a proposta do Presidente e informados pola intervención. Nestas bases engádense algún requisito en relación as anteriores, basicamente en materia de persoal, dado que na práctica xa se están verificando, e acomódanse o RD 424/2017, non obstante, e tendo en conta a modificación da Lei de contratos que conlevara a modificación dos requisitos básicos en Acordo do Consello de Ministros e que agora é o mínimo a verificar na fiscalización limitada previa, procederase a adaptación das bases de acordo ca citada disposición transitoria primeira.

O Plan de Investimentos para 2018 detállase en proxectos codificados para a súa identificación e coa especificación mínima que establece o artigo 13 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, completándose co Plan Financeiro para 2018.

5º.– A tenor do art. 166.1.d) do TRLRFL, o volume de endebedamento previsto a 31 de decembro de 2017 é de 15.794.250,35 €.

O volume total de capital vivo das operacións de crédito existentes non excede do 75% dos ingresos correntes liquidados, segundo os estados consolidados da última liquidación (2016 de 84.628.852,90 €) representa o 18,66 %.

6º.– O proxecto de Orzamento Xeral elévase ó Pleno da Excma. Deputación para a aprobación inicial segundo o artigo 33.2.c) da Lei 7/1985 e o artigo 168.4 do TRLRFL.

Para a tramitación do orzamento haberá que averse ó disposto no art.169 do T.R.L.R.F.L., art. 20 do R. d. 500/90, do 20 de abril, artigos concordantes e demais disposicións legais que lle afecten.

Lugo, a 12 de decembro de 2017,  
A Interventora,

Rosa Abelleira Fernández





DEPUTACIÓN DE LUGO

ORZAMENTOS 2018

# 19. Fundación para o desenvolvemento das TIC, plan de actuación







# PLAN DE ACTUACIÓN 2018



## PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC

---

Este documento presenta o Plan de Actuación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e Comunicación da Fundación TIC para o ano 2018. O vindeiro exercicio a Tic manterá e reforzará as liñas de actuación que está a levar acabo nos últimos anos e que dan resposta aos obxectivos da entidade: fomentar, promover e executar actividades dirixidas ao impulso da educación, a investigación e o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación.

Tamén continuará coas actividades encamiñadas ao fomento e consolidación da denominada sociedade do coñecemento ou sociedade da información, coa finalidade de mellorar na provincia a formación relativa a estas tecnoloxías.

A súa propia natureza impulsa a Fundación TIC a innovar e adaptar as súas liñas de traballo e métodos de ensino ás necesidades e demandas dunha sociedade da información en continua evolución. Neste contexto de cambio destaca a converxencia entre a industria cultural e as TIC, que sitúan ao sector audiovisual nun lugar estratéxico polo seu dinamismo, potencialidade para crear valor engadido en termos económicos, culturais e sociais e a súa capacidade para crear emprego.

Esta industria, cada vez máis vinculada ás novas tecnoloxías, require duns profesionais moi especializados. Para atender esta demanda, en 2018 a Fundación TIC seguirá a centrar parte das súas accións na dinamización dos vínculos da Formación Profesional que imparte a entidade coa Universidade e o mundo da empresa.

O presente Plan de Actuación da Fundación para o exercicio comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018 conta coa información indicativa das actividades propias da Fundación e das actividades mercantís, os gastos estimados para cada unha delas e os ingresos e outros recursos previstos.

## PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC

---

### Obxectivo 1

**Manter unha oferta académica vangardista e de calidade** asociada ás exixencias da innovación e que vincule directamente cambios, que se adapten a realidade no sector audiovisual á formación dos alumnos ás necesidades e esixencias das industrias audiovisuais.

- ✓ Organización de talleres de 2D-3D e animación
- ✓ Organización de Talleres de alumnos con profesionais do sector audiovisual.
- ✓ Organización de eventos.

### Obxectivo 2

**Potenciar a formación para o emprendemento**, con xornadas de encontro coas empresas, incluíndo na oferta académica *competencias emprendedoras na formación como un estímulo para posteriormente desenvolver este tipo de aptitudes y comportamentos para o emprendemento, con accións que busquen a formación en competencias básicas, competencias laborais, cidadás e competencias empresariais dentro do sistema educativo formal e non formal e a súa articulación co sector produtivo. Xornadas de encontro coas empresas.*

- ✓ *Sensibilizar e animar ás empresas a involucrarse na educación empresarial dos alumnos da Escola de Imaxe e Son.*
- ✓ *Organización de talleres con Asociación de Xoves Empresarios.*
- ✓ *Fomentar o intercambio de ideas innovadoras entre os empresarios e os nosos alumnos.*

### Obxectivo 3

**Reforzar a formación en escenarios reais**, estimulando a oferta baseada na combinación de formación e produción en contextos e escenarios reais:

- ✓ Aumentar a relación do centro educativo co sector empresarial mediante convenios, colaboracións, etc, que permitan desenvolver actividades prácticas sobre escenarios e situacións reais de produción.

## PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC

---

- ✓ Asinar convenios de colaboración con empresas de produción de audiovisuais e creativas.
- ✓ Potenciar o programa de bolsas de formación para titulados da nosa escola en empresas da industria audiovisual.
- ✓ Potenciar o programa de bolsas de colaboración coa Universidade e as FP.
- ✓ Colaborar en proxectos audiovisuais que teñan como escenario de rodaxe ou gravación o territorio da nosa provincia.

### Obxectivo 4

**Ampliar a formación dos alumnos e ex alumnos da Escola mediante o desenvolvemento dun programa formativo complementario máis en sintonía co novo modelo de industrias audiovisuais.**

- ✓ *Desenvolvemento de cursos de inglés e galego*
- ✓ *Desenvolvemento de talleres de 2D, 3D, realidade aumentada.*
- ✓ *Desenvolvemento de complementos formativos (operador de cámara, edición, fotografía, iluminación, caracterización...).*
- ✓ *Desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares. Participación en programas de televisión e radio, na gravación de películas, de videoclips, de videoxogos, de películas de animación, etc.*

### Obxectivo 5

**Promover o intercambio de experiencias cos “Campos Mixtos”: Intensificar as relacións coa universidade e con outros centros nacionais implicados na formación dentro do campo da comunicación e multimedia.**

- ✓ *Promover reunións informativas, cursos de especialización.*
- ✓ *Promover a formación permanente.*
- ✓ *Promover e favorecer estancias académicas.*
- ✓ *Promover o intercambio de experiencias formativas con outras escolas e institucións de ámbito nacional e internacional.*

## PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC

---

### Obxectivo 6

**Establecer fórmulas que faciliten a inserción laboral:** *Atender ás necesidades do ensino e aprendizaxe de todos os participantes na educación e Formación Profesional.*

- ✓ *Incentivar a contratación laboral dos bolseiros da Fundación mediante bonificacións no importe das bolsas de empresa.*
- ✓ *Manter o programa propio de bolsas de formación para titulados da nosa escola.*

### Obxectivo 7

**Asesor aos centros educativos na educación en comunicación audiovisual** *optimizando os procesos do ensino-aprendizaxe*

- ✓ *Visitas formativas á Fundación TIC. “Ticodiario”*
- ✓ *Colaboración con outras entidades ou institucións do ámbito educativo no desenvolvemento de actividades previstas no plan de formación anual.*
- ✓ *Ampliación da liña de traballo xa iniciada en programas de formación en linguaxes audiovisuais a escolares e colectivos con dificultades de integración, facilitando información e instrumentos para una utilización racional e crítica dos recursos relacionados con estas tecnoloxías.*
- ✓ *Comunicación das accións da Fundación TIC a través dos medios convencionais e non convencionais*

### Obxectivo 8

**Potenciar o banco de recordos Memoria Dixital Lugo** con novos contidos e máis presenza na provincia. Será un legado para os lucenses como para os investigadores e os amantes da historia xeral

- ✓ *Convenios de colaboración con institucións e organismos.*
- ✓ *Posta en marcha de equipos de reporteiros formados por técnicos e titulados da EIS, que contribúan a dotar de vídeos, audios, fotografías antigas e diversos documentos que axuden a coñecer mellor a nosa historia recente,*

## PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC

---

### Obxectivo 9

**Fomentar o uso das Novas Tecnoloxías**, como ferramentas de información, formación, comunicación e comercio electrónico, para contribuír a reducir a chamada “fenda dixital”.

- ✓ Deseño e impartición de formación continua para aprender a empregar dispositivos electrónicos como ordenadores, tabletas, teléfonos móbiles, cámaras dixitais.... Asesoramento tecnolóxico, psicolóxico e documental personalizado neste área ás persoas maiores que o demanden.
- ✓ Deseñar e impartición de formación sobre os programas informáticos e redes sociais máis útiles e xeneralizadas.
- ✓ Elaboración de tutoriais audiovisuais de manexo de Novas Tecnoloxías (dos diferentes dispositivos e dos programas e utilidades de uso máis común).
- ✓ Asesoramento tecnolóxico personalizado sobre o uso das Novas Tecnoloxías ás persoas ou organismos que o demanden.

### Obxectivo 10

**Impulsar accións dirixidas a desenvolver proxectos para difundir a labor dos colectivos con dificultades de integración social, ONGs, asociacións culturais, entidades deportivas e empresas TIC mediante a realización de proxectos audiovisuais. Esta liña de colaboración permite que os alumnos e titulados da Escola de Imaxe e Son leven a cabo traballos profesionais, a través dun programa de bolsas que lles facilitan a súa posterior incorporación ó mercado laboral.**

- ✓ *Convenios de colaboración con institucións e organismos de representación das persoas discapacitadas.*
- ✓ *Convenios de colaboración con asociacións de deporte base para fomentar os hábitos saudables entre a poboación e facer visibles este tipo de agrupacións.*
- ✓ *Convenios de colaboración con empresas TIC para fomentar o uso das novas tecnoloxías no tecido industrial e publicitar o seu labor.*

## PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC

---

### Obxectivo 11

**Crear producións propias** xerando materiais innovadores de uso educativo ou divulgativo e reforzar o valor da comunicación local e autonómica.

- ✓ Apoiar á televisións e emisoras de radio, xornais dixitais locais e territoriais, coa finalidade de dar viabilidade ó sector e consolidalo.
- ✓ Convenios de colaboración co sector audiovisual, realizaranse contidos destinados a facilitar producións propias.
- ✓ Complementar a grella dos medios de comunicación audiovisual con programas para poñelos ó alcance dos cidadáns.
- ✓ Xerar materiais de realidade aumentada (mapping), animación ou 3D.

### Obxectivo 12

**Dar asesoramento en materia audiovisual e apoio técnico ós concellos:** *formación, promoción, explotación e innovación das TIC así como na difusión da cultura dos Concellos establecendo convenios que lles permitan ofrecer espazos de produción propia que, por si sos e de forma illada, non poden asumir.*

- ✓ *Posta en marcha de equipos de reporteiros formados por técnicos e titulados da EIS, que contribúan á promoción económica e cultural da provincia así como á inserción laboral dos alumnos da Fundación TIC.*

### Obxectivo 13

**Divulgación das actividades e actuacións da Deputación de Lugo:** *Difundir e distribuír contidos audiovisuais e multimedia que faciliten o coñecemento dos programas de actuación.*

- ✓ *Difusión dos plenos en directo a través de internet: streaming. A Fundación TIC ofrece ós cidadáns un servizo público que lles permite seguir en tempo real e de forma íntegra as sesións plenarias desde as súas casas ou a través de dispositivos móbiles.*

## PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC

---

- ✓ *Difusión de actividades da Deputación con proxección galega, nacional e internacional a través de internet: streaming. O obxectivo é facilitar a todos os interesados ó acceso en directo a estas actividades e promover a provincia.*
- ✓ *Gravación e elaboración de produtos audiovisuais sobre actuacións de intereses para os cidadáns coa finalidade de difundilas a través de diversos medios.*

### Obxectivo 14

**Afianzar a oficina de promoción de rodaxe Lugo FilmCommission** como un instrumento para favorecer o desenvolvemento local e a produción audiovisual.

- ✓ *Captación de producións audiovisuais a favor da industria audiovisual desta provincia tanto nacionais como internacionais. Para iso, encargárase de promover acordos e accións encamiñadas a consolidar e facilitar a rodaxe.*
- ✓ *Colaboración cos Concellos da provincia na realización de actividades de promoción, a través da oficina de promoción de rodaxe.*
- ✓ *Organización de encontros con directores e ciclos de proxección de cine rodado en Lugo.*
- ✓ *Colaboración en proxectos audiovisuais que teñan como escenario de rodaxe ou pre-produción e rodaxe.*
- ✓ *Posta en marcha do Movie Tourism ou turismo cinematográfico, como ferramenta de promoción da provincia.*

### Obxectivo 15

**Acrecentar a cualificación profesional dos docentes, técnicos e PAS da Fundación TIC** mediante un programa formativo que permita manter unha constante actualización dos coñecementos teóricos e prácticos.

- ✓ *Desenvolvemento dun plan de formación propio para o persoal da Fundación TIC.*



## PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC

---

### Obxectivo 16

**Xerar melloras na calidade das instalacións e dos recursos materiais que redunden na mellora da cualificación profesional dos alumnos e titulados.**

- ✓ *Adquisición de equipamento técnico e mobiliario.*
- ✓ *Adquisición de equipamento técnico para uso didáctico.*
- ✓ *Habilitación de novos espazos na EIS no CPP para uso didáctico.*

### Obxectivo 17

**Reforzar o desenvolvemento da plataforma “Gestor de contidos” que permite a:**

- ✓ *Recuperación, catalogación, custodia e difusión das producións e obras do patrimonio audiovisual da Fundación TIC.*
- ✓ *Dixitalización do arquivo de vídeo da Fundación.*
- ✓ *Distribución de vídeo baixo demanda*
- ✓ *Difusión de contidos da provincia.*
- ✓ *Creación dun fondo documental de arquivo audiovisual provincial.*

**PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC**

<b>DATOS IDENTIFICATIVOS DA ACTIVIDADE</b>		<b>A1</b>
<b>Denominación</b>	<b>XESTION DA FUNDACIÓN TIC</b>	
<b>Obxectivos de realización da actividade-Plan de Actuación</b>	1-2-3-4-5-6-7-8-9-12-13-14-15-16-17-18-19	
<b>Descrición</b>	<p>Xestión do centro de formación profesional regrada autorizado para impartir ensinanzas de formación profesional específica:            Familia profesional: comunicación, imaxe e son.            1 ciclo formativo de grao superior de produción de audiovisuais, radio e espectáculos (2 unidades para 22/alumnos/unidade).            1 ciclo formativo de grao superior de de realización de audiovisuais e espectáculos (2 unidades para 22 alumnos/unidade).</p> <p>Xestión do centro de produción de programas autorizado para impartir prácticas de formación profesional a os alumnos do CPR TIC</p>	
<b>Tipo de actividade</b>	PROPIA	
<b>Clasificación sectorial</b>	ENSINANZAS DE GRAO SUPEIOR DE FP	
<b>Lugar de desenvolvemento da actividade</b>	LUGO E PROVINCIA	
<b>RECURSOS HUMANOS</b>		
Docentes/ Técnicos/PAS		
<b>BENEFICIARIOS OU USUARIOS</b>		
Docentes/ alumnos e titulados do CPR TIC/ Técnicos/PAS/Organismos/ Empresas de produción audiovisual		
<b>COSTE ESTIMADO</b>		
		1.257.290,53€

**PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC**

<b>DATOS IDENTIFICATIVOS DA ACTIVIDADE</b>		<b>A2</b>
<b>Denominación</b>	<b>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b>	
<b>Obxectivos de realización da actividade-Plan de Actuación</b>	1-2-3-4-5-7-10-11	
<b>Descrición</b>	Organización de talleres, cursos, seminarios, obradoiros. Asistencia a seminarios, xornadas, talleres Visitas a festivais a empresas do sector audiovisual Colaboración en proxectos audiovisuais.	
<b>Tipo de actividade</b>	PROPIA	
<b>Clasificación sectorial</b>	PROGRAMA FORMATIVOS	
<b>Lugar de desenvolvemento da actividade</b>	NACIONAL	
<b>RECURSOS HUMANOS</b>		
Docentes/ Técnicos/PAS		
<b>BENEFICIARIOS OU USUARIOS</b>		
Alumnos, ex alumnos, docentes, técnicos, estudantes FP, Universidade, empresas, profesionais do sector		
<b>COSTE ESTIMADO</b>		
		30.000,00€

**PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC**

<b>DATOS IDENTIFICATIVOS DA ACTIVIDADE</b>		<b>A3</b>
<b>Denominación</b>	<b>PROGRAMA DE BOLSAS DE FORMACIÓN EN EMPRESAS</b>	
<b>Obxectivos de realización da actividade-Plan de Actuación</b>	3-6-7-8-9-10-11-12-13-14	
<b>Descrición</b>	Xestión dun programa propio de bolsas de formación para titulados da Escola de Imaxe e Son mediante convenios de colaboración con empresas representativas do sector audiovisual, TIC e organismos.	
<b>Tipo de actividade</b>	PROPIA	
<b>Clasificación sectorial</b>	PROGRAMA FORMATIVOS	
<b>Lugar de desenvolvemento da actividade</b>	Europeo	
<b>RECURSOS HUMANOS</b>		
Docentes/ Técnicos/PAS/ área de formación e orientación laboral		
<b>BENEFICIARIOS OU USUARIOS</b>		
Titulados do CPR Tic/ Empresas do sector audiovisual e cultural/Organismos/Entidades sen ánimo de lucro/Empresas Tic.		
<b>COSTE ESTIMADO</b>		
		68.800,00 €

**PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC**

<b>DATOS IDENTIFICATIVOS DA ACTIVIDADE</b>		<b>A4</b>
<b>Denominación</b>	<b>PROGRAMA DE BOLSAS DE COLABORACIÓN</b>	
<b>Obxectivos de realización da actividade- Plan de Actuación</b>	2-3-4-6-7-8-9-10-11-12-13-14	
<b>Descrición</b>	Programa de bolsas de colaboración para o desenvolvemento de actividades afíns ás áreas de traballo vinculadas á produción audiovisual: FP e Universidade.	
<b>Tipo de actividade</b>	PROPIA	
<b>Clasificación sectorial</b>	PROGRAMA FORMATIVO	
<b>Lugar de desenvolvemento da actividade</b>	INTERNACIONAL	
<b>RECURSOS HUMANOS</b>		
Docentes/ Técnicos/PAS		
<b>BENEFICIARIOS OU USUARIOS</b>		
Titulados e estudantes universitarios e de Formación Profesional		
<b>COSTE ESTIMADO</b>		
		11.200,00€

**PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC**

<b>DATOS IDENTIFICATIVOS DA ACTIVIDADE</b>		<b>A5</b>
<b>Denominación</b>	<b>FOMENTO DAS TICS</b>	
<b>Obxectivos de realización da actividade-Plan de Actuación</b>	7-9-10-11-12	
<b>Descrición</b>	Promover accións dirixidas a desenvolver proxectos e formación para o uso das novas tecnoloxías.	
<b>Tipo de actividade</b>	PROPIA	
<b>Clasificación sectorial</b>	Formación tecnolóxica	
<b>Lugar de desenvolvemento da actividade</b>	Lugo e provincia	
<b>RECURSOS HUMANOS</b>		
Docentes/ Técnicos/PAS		
<b>BENEFICIARIOS OU USUARIOS</b>		
Organismos/Entidades sen ánimo de lucro/Empresas Tic.		
<b>COSTE ESTIMADO</b>		
		12.000,00€

**PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC**

<b>DATOS IDENTIFICATIVOS DA ACTIVIDADE</b>		<b>A6</b>
<b>Denominación</b>	<b>PRODUCCIÓN, DISTRIBUCIÓN E DIFUSIÓN DE CONTIDOS AUDIOVISUAIS</b>	
<b>Obxectivos de realización da actividade-Plan de Actuación</b>	1-2-3-4-7-8-9-10-11-12-13-14	
<b>Descrición</b>	Elaboración de contidos audiovisuais e multimedia. Distribución e difusión	
<b>Tipo de actividade</b>	PROPIA	
<b>Clasificación sectorial</b>	FORMACIÓN E PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL	
<b>Lugar de desenvolvemento da actividade</b>	LUGO E PROVINCIA	
<b>RECURSOS HUMANOS</b>		
Docentes/ Técnicos/PAS/Alumnos/Titulados de FP/Titulados universitarios		
<b>BENEFICIARIOS OU USUARIOS</b>		
Alumnos, Persoas da terceira idade. Medios de comunicación audiovisual.		
<b>COSTE ESTIMADO</b>		
		90.000,00€

**PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC**

<b>DATOS IDENTIFICATIVOS DA ACTIVIDADE</b>		<b>A7</b>
<b>Denominación</b>	<b>LUGO FILM COMMISSION</b>	
<b>Obxectivos de realización da actividade- Plan de Actuación</b>	3-11-12-14	
<b>Descrición</b>	Accións de promoción e difusión dos espazos e os recursos provinciais co obxectivo de atraer e apoiar producións audiovisuais e difundir a cultura e o patrimonio da nosa provincia. Apoio as producións audiovisuais desenvoltas na provincia.	
<b>Tipo de actividade</b>	PROPIA	
<b>Clasificación sectorial</b>	FORMACION E PRODUCCIÓN AUDIOVIUAL	
<b>Lugar de desenvolvemento da actividade</b>	LUGO E PROVINCIA	
<b>RECURSOS HUMANOS</b>		
Docentes/ Técnicos/PAS/ Titulados da EIS		
<b>BENEFICIARIOS OU USUARIOS</b>		
Concellos, Empresas de Servizos, Sector turístico, Sector audiovisual		
<b>COSTE ESTIMADO</b>		
		25.000,00€



**PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC**

<b>DATOS IDENTIFICATIVOS DA ACTIVIDADE</b>		<b>A8</b>
<b>Denominación</b>	<b>ACCIÓNS DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN</b>	
<b>Obxectivos de realización da actividade- Plan de Actuación</b>	1-2-3-4-5-7-8-9-10-11-12-13-14-17	
<b>Descrición</b>	Deseñar accións de difusión e divulgación, en diferentes soportes, que permitan o coñecemento das diferentes actividades e áreas de traballo da Fundación TIC	
<b>Tipo de actividade</b>	PROPIA	
<b>Clasificación sectorial</b>	COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN	
<b>Lugar de desenvolvemento da actividade</b>	LUGO E PROVINCIA	
<b>RECURSOS HUMANOS</b>		
Docentes/ Técnicos/PAS/Alumnos/Titulados de FP e Universidade/Maiores		
<b>BENEFICIARIOS OU USUARIOS</b>		
DIVERSOS		
<b>COSTE ESTIMADO</b>		
		45.000,00€

**PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC**

<b>DATOS IDENTIFICATIVOS DA ACTIVIDADE</b>		<b>A9</b>
<b>Denominación</b>	<b>PLAN DE FORMACIÓN CONTINUA</b>	
<b>Obxectivos de realización da actividade- Plan de Actuación</b>	1-2-4-5-6-8-9-15-17	
<b>Descrición</b>	Accións formativas para persoal técnico, docente e PAS. Accións formativas encamiñadas a mellorar a cualificación profesional e actualización tecnolóxica de traballadores do sector audiovisual.	
<b>Tipo de actividade</b>	PROPIA	
<b>Clasificación sectorial</b>	EDUCACIÓN	
<b>Lugar de desenvolvemento da actividade</b>	LUGO E PROVINCIA	
<b>RECURSOS HUMANOS</b>		
EXTERNOS/DOCENTES/TÉCNICOS/PAS		
<b>BENEFICIARIOS OU USUARIOS</b>		
PERSOAL TÉCNICO, DOCENTE E PAS DA FUNDACIÓN TITULADO DA EIS. TRABALLADORE EN ACTIVO E DESEMPREGADOS		
<b>COSTE ESTIMADO</b>		
		12.000,00€

**PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC**

<b>DATOS IDENTIFICATIVOS DA ACTIVIDADE</b>		<b>B1</b>
<b>Denominación</b>	<b>MELLORA DAS INSTALACIÓNS</b>	
<b>Obxectivos de realización da actividade- Plan de Actuación</b>	16	
<b>Descrición</b>	Adecuación das instalacións da Fundación Tic para uso educativo e docente	
<b>Tipo de actividade</b>	PROPIA	
<b>Clasificación sectorial</b>	EDUCACIÓN E PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL	
<b>Lugar de desenvolvemento da actividade</b>	LUGO E PROVINCIA	
<b>RECURSOS HUMANOS</b>		
Externos/PAS		
<b>BENEFICIARIOS OU USUARIOS</b>		
DIVERSOS		
<b>COSTE ESTIMADO</b>		
		20.000,00€

**PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC**

<b>DATOS IDENTIFICATIVOS DA ACTIVIDADE</b>		<b>B2</b>
<b>Denominación</b>	<b>ADQUISICIÓN E RENOVACIÓN DE EQUIPOS TÉCNICOS</b>	
<b>Obxectivos de realización da actividade-Plan de Actuación</b>	16-17	
<b>Descrición</b>	Renovación y actualización do equipamento técnico. Adaptación dos recursos técnicos as necesidades do sector. Desenrolo das tecnoloxías dispoñibles que permitan unha maior e mais rápida difusión de contidos e servizos	
<b>Tipo de actividade</b>	PROPIA	
<b>Clasificación sectorial</b>	EDUCACIÓN E PRODUCCIÓN	
<b>Lugar de desenvolvemento da actividade</b>	LUGO E PROVINCIA	
<b>RECURSOS HUMANOS</b>		
EXTERNOS/TÉCNICOS/PAS		
<b>BENEFICIARIOS OU USUARIOS</b>		
Alumnos/Titulados da EIS/ Docentes/Técnicos/PAS/ Empresas do sector audiovisual		
<b>COSTE ESTIMADO</b>		
		80.000,00€

## PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC

---

### ORZAMENTO 2018

## PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC

---

### MEMORIA EXPLICATIVA

O presente presuposto para o exercicio económico comprendido entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 31 de decembro de 2018 elaborouse axustándose ás normas de adaptación do *Plan General de Contabilidade* das entidades sen fins lucrativos e o modelo de Plan de Actuación destas entidades aprobadas no Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro.

Tanto no estado de Gastos como no de Ingresos, as partidas clasificáronse segundo a natureza que dá orixe ás mesmas e que se relacionan cos modelos de contas anuais. Así podemos distinguir:

- ✓ Operacións de gastos, que se corresponden coas recollidas na conta de resultados.
- ✓ Operacións de recursos, aquelas relacionadas coas magnitudes de fondo para o que se empregan as partidas de balance.

O modelo de presuposto empregado é o abreviado, debido a que a *Fundación para o desenvolvemento das tecnoloxías da información e comunicación (TIC)*, reúne os requisitos para formular o balance e a memoria abreviados, polo que se prescinde de elaborar una información orzamentaria por programas.

**PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC****ESTADO DE GASTOS**

O montante total de gastos orzamentarios ascende a 1.651.290,53€, dos que 1.551.290,53€ corresponden a operacións de gastos, , e 100.000,00€ a operacións de recursos.

**a) Operacións de gastos.****Gastos de Persoal.-**

No epígrafe Gastos de Persoal, cun importe de 1.107.622,50 €, abarca as cotas da Seguridade Social a cargo da Entidade, segundo o seguinte desagregación:

DOCENTES	Laboral fixo	7 xornada completa +2 ½ x.	227.472,18 €
TÉCNICOS	Laboral fixo	20 Xornada completa	449.912,41 €
PAS	Laboral fixo	6 xornada.completa +1 ½ x-	160.518,60€
Incentivos			12.270,60 €
Seguridade Social a cargo da entidade			257.448,71 €

**Gastos en bens correntes e servizos.-**

O apartado Amortizacións, provisións e outros gastos, cun importe de 342.668,03€, comprende gastos de natureza diversa derivados do funcionamento dos centros dependentes de esta Fundación (arrendamentos, reparacións, mantemento e conservación, material de oficina, asistencia técnica, transporte, axudas de custo, asistencia a órganos colexiados,...)

O apartado Consumos de explotación, por un importe de 20.000,00 €, son as adquisicións de bens destinados á actividade propia dos centros dependentes desta Fundación.

**Gastos financeiros.-**

O apartado Gastos financeiros, por un importe de 1.000,00€ que inclúe outros gastos financeiros (comisión,...)

**PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC****Transferencias correntes.-**

O apartado Premios, bolsas e pensión de estudo e investigación, por un importe total de 80.000,00 €, destínase á concesión de bolsas de formación para alumnos e titulados, previstas para o presente exercicio.

**b) Operacións de recursos**

Os gastos por operación de recursos, cun importe que ascende a 100.000,00 € recollen as adquisicións no exercicio de inmovilizacións materiais necesarias para o desenvolvemento de actividades da Fundación.

Está previsto a compra de equipos e as reformas das instalacións do Centro de Producción de Programas e da Escola de Imaxe e Son.

**ESTADO DE INGRESOS****Operacións de gastos.**

Os ingresos por operación de funcionamento, cun importe de 1.651.290,53€, corresponden a:

SUBVENCIONS OFICIAIS Á EXPLOTACIÓN.	1.647.090,53€
MATRÍCULA (REPETIDORES)	1.200,00€
INGRESOS FINACIEIROS (intereses contas bancarias).	3.000,00€



**ORZAMENTO**

ENTIDADE: FUNDACION PARA O DESENVOLVEMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN.-EXERCICIO: 01/01/2018 – 31/12/2018

ORZAMENTO DE GASTOS		ORZAMENTO DE INGRESOS	
Operacións de funcionamento	Orzamento	Operacións de funcionamento	Orzamento
1.- Axudas monetarias	80.000,00	1.- Resultado de explotación da actividade mercantill	0,00
2.- Gastos por colaboración e do órgano de goberno	0,00	2.- Cotas de usuarios e afiliados	0,00
3.- Consumos de explotación	20.000,00	3.- Ingresos por matrículas, promocións, patrocinadores e colaboracións.	1.200,00
4.- Gastos de persoal	1.107.622,50	4.- Subvenciones, doazóns e legados imputados ó resultado	1.647.090,53
5.- Amortizacións, provisiones e outros gastos	342.668,03	5.- Outros ingresos	0,00
6.- Gastos financeiros e asimilados.	1.000,00	6.- Ingresos financeiros	3.000,00
7.- Gastos extraordinarios.	0,00	7.-Ingresos extraordinarios	0,00
<b>Total gastos operacións de funcionamento</b>	<b>1.551.290,53 €</b>		<b>1.651.290,53 €</b>

Saldo operacións de funcionamento (ingresos-gastos):100.000€

DESCRIPCIÓN	OPERACIÓN DE FONDOS	Ingresos e gastos. orzamentarios
Achegas de fundadores e asociados. Aumentos (diminucións) de subvencions, doazóns e legados de capital e outros. Diminucións (aumentos) de bens reais: bens de Patrimonio Histórico, outro inmovilizado e existencias. Diminucións (aumentos) de inversión financeiras, tesourería e capital de funcionamento. Aumentos (diminucións) de provisiones para riscos e gastos de débedas.	A.- Achegas de fundadores e asociados. B.- Variación neta de subvencions, doazóns e legados de capital e outros. C.- Variación neta de inversións reais. D.- Variación neta de activos financeiros e do capital de funcionamento. E.- Variación neta de provisión para riscos, gastos e de débedas.	0,00 -100.000,00

Saldo de operacións de fondos (A+B+C+D+E) -100.000,00€

ENTIDADE: FUNDACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC)  
 EXERCICIO: 01-01-2018/31-12-2018

<b>ESTADO DE INGRESOS</b>		<b>Conceptos/Subconceptos</b>	<b>Artigos</b>	<b>Capítulos</b>
3	Matrículas	1.200,00 €		
<b>Art. 3</b>	<b>Matrículas</b>		<b>1.200,00 €</b>	
<b>CAP. III</b>	<b>TASAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS</b>			<b>1.200,00 €</b>
<b>Art. 4</b>				
461	Transferencias correntes de deputacións	1.647.090,53 €		
<b>Art. 46</b>	<b>De Entidades Locais</b>		<b>1.647.090,53 €</b>	
<b>CAP. IV</b>	<b>TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>			<b>1.647.090,53 €</b>
520	Ingresos financeiros	3.000,00 €		
<b>Art. 52</b>	<b>Xuros de depósitos</b>		<b>3.000,00 €</b>	
<b>CAP. V</b>	<b>INGRESOS PATRIMONIAIS</b>			<b>3.000,00 €</b>
761	Transferencias de capital da Deputación			
<b>Art. 76</b>	<b>De Entidades Locais</b>			
<b>CAP. VII</b>	<b>TRASFERENCIAS DE CAPITAL</b>			
<b>TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS</b>				<b>1.651.290,53 €</b>

**PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC****ENTIDADE: FUNDACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN****EXERCICIO: 01-01-2018/ 31-12-2018**

<b>ESTADO DE GASTOS</b>	<b>Conceptos TIC</b>	<b>Artigos TIC</b>	<b>Capítulos TIC</b>
<b>CAP. I GASTOS DE PERSOAL</b>			<b>1.107.622,50 €</b>
<b>Art. 13 Persoal laboral</b>		837.903,19 €	
130 Laboral fixo (técnicos)	449.912,41 €		
130 Laboral fixo (docentes)	227.472,18 €		
130 Laboral fixo (PAS)	160.518,60 €		
<b>Art. 15 Incentivos ó rendemento</b>		12.270,60 €	
151 Gratificacións	12.270,60 €		
<b>Art. 16 Cotas, prestacións e gastos sociais a cargo do empregador</b>		257.448,71 €	
160 Seguridade Social	257.448,71 €		
<b>CAP. II GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS</b>			<b>362.668,03 €</b>
<b>Art. 20 Arrendamentos</b>		8.000,00 €	
203 Maquinaria, instalacións e utillaxe	6.000,00 €		
204 Material de transporte	1.000,00 €		
206 Equipos para procesos de infomación (lector /informático)	1.000,00 €		
<b>Art. 21 Reparacións, namtenemento e conservación</b>		16.500,00 €	
212 Edificios u outras construcións	5.000,00 €		
213 Maquinaria, instalacións e utillaxe	10.000,00 €		
216 Equipos para procesos de infomación (lector /informático)	1.500,00 €		
<b>Art. 22 Material, subministrós e outros</b>		332.668,03 €	
220 Material de oficina	6.883,00 €		
221 Subministrós	20.000,00 €		
222 Comunicacions	6.000,00 €		
223 Transportes	1.000,00 €		
224 Primas de seguros	6.328,41 €		
226 Gastos Diversos	194.604,37 €		
227 Traballos realizados por outras empresas	97.852,25 €		
<b>Art. 23 Indemnizacións por razón de servizo</b>		5.500,00 €	
230 Dietas	1.000,00 €		
231 Locomoción	1.000,00 €		
233 Outras indemnizacións	3.500,00 €		
<b>CAP. III GASTOS FINANCIERIOS</b>			<b>1.000,00 €</b>
<b>Art. 31 De préstamos do Interior</b>		- €	
310 Xuros	- €		
<b>Art. 35 De intereses de demora e outros gastos financeiros</b>		1.000,00 €	
359 Outros gastos financeiros	1.000,00 €		
<b>CAP. IV TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>			<b>80.000,00 €</b>
<b>Art. 48 A familias e institucións sen fins de lucro.</b>		80.000,00 €	
481 Premios, bolsas e pensións de estudo e investigación.	80.000,00 €		
<b>CAP. VI INVERSIONS REAIS</b>			<b>100.000,00 €</b>
<b>Art. 62 Inver. Nova asda. ó funcionamento opertat. dos serv.</b>		100.000,00 €	
62 Equipamento tecnolóxico CPP	100.000,00 €		
<b>Art. 64 Gastos en investimentos de carácter inmaterial</b>	- €	- €	
<b>CAP. IX PASIVOS FINANCIERIOS</b>			<b>- €</b>
<b>Art. 91 Amortización de préstamos del interior</b>	- €	- €	
913 Amortización de préstamos a medio o longo prazo de entes fóra do sector público			
<b>TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS</b>		<b>1.651.290,53 €</b>	<b>1.651.290,53 €</b>

## PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC

## 2.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS A EMPLEAR POR LA FUNDACIÓN

Gastos/Inversiones	A1	A2	A3	A4	A5	A6	A7	A8	A9	B1	B2	Total activid.	Non imputados ás activ.	TOTAL
Gastos por axudas e outros														
a) Axudas monetarias			68.800,00	11.200,00										80.000,00
b) Axudas non monetarias														
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno														
Variación de existencias de produtos rematados e en curso de fabricación														
Aprovisionamentos	20.000,00													20.000,00
Gastos de persoal	1.107.622,50													1.107.622,50
Outros gastos de explotación	128.668,03	30.000,00			12.000,00	90.000,00	25.000,00	45.000,00	12.000,00					342.668,03
Amortización do Inmobiliado														
Deterioración e resultado por alienación de inmobiliado														
Gastos financeiros	1.000,00													1.000,00
Variacións de valor razoable en instrumentos financeiros														
Diferenzas de cambio														
Deterioración e resultado por alienacións de instrumentos financeiros														
Impostos sobre beneficios														
<b>Subtotal gastos</b>	1.257.290,53	30.000,00	68.800,00	11.200,00	12.000,00	90.000,00	25.000,00	45.000,00	12.000,00	-	-	-	-	1.551.290,53
Adquisicións de Inmobiliado (agás Bens Patrimonio Histórico)										20.000,00	80.000,00			
Adquisicións Bens Patrimonio Histor.														
Cancelación débeda non comercial														
<b>Subtotal investimentos</b>	-	-	-	-	-	-	-	-	-	20.000,00	80.000,00	-	-	100.000,00
<b>TOTAL RECURSOS EMPREGADOS</b>	1.257.290,53	30.000,00	68.800,00	11.200,00	12.000,00	90.000,00	25.000,00	45.000,00	12.000,00	20.000,00	80.000,00	-	-	1.651.290,53

**PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC****PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS A OBTENIR POLA FUNDACIÓN****Previsión de ingresos a obter pola Fundación**

<b>INGRESOS</b>	<b>Importe total</b>
Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio	
Vendas e prestacións de servizos das actividades propias- Matrículas	1.200,00€
Ingresos ordinarios das actividades mercantís	0,00€
Subvencións do sector público	1.647.090,53€
Outros tipos de ingresos	3.000,00€
<b>TOTAL INGRESOS PREVISTOS</b>	<b>1.651.290.53€</b>

**Previsión doutros recursos económicos a obter pola Fundación**

<b>OTROS RECURSOS</b>	<b>Importe total</b>
Débedas contraídas	- €
Outras obrigas financeiras asumidas	- €
<b>TOTAL OUTROS RECURSOS PREVISTOS</b>	<b>- €</b>

## PLAN DE ACTUACIÓN 2018 - FUNDACIÓN TIC

### INFORME DA INTERVENTORA XERAL

Formado o proxecto do orzamento da Fundación TIC para o exercicio 2018, para a súa elevación o padroado da Fundación, órgano competente para a súa aprobación, a que subscribe informa o seguinte:

O orzamento ascende, nivelado en gastos e ingresos, a 1.651.290,53 €, sendo a achega da Deputación de 1.647.090,53 € para o financiamento das operacións de funcionamento da Fundación, que diminúe un 8,27 % respecto de 2017 (fundamentalmente pola finalización da encomenda da actuación “promoción da autonomía persoal dos maiores da provincia”, que para o exercicio 2017 tiña unha previsión de 175.000,00 €).

Os gastos de persoal reflicten a previsión do aumento das retribucións no 2%, pendente de determinar pola futura Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2018. Este aumento contemplase en termos homoxéneos polo que respecta a efectivos de persoal, xornada completa e á antigüidade do mesmo.

En relación á avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria non se considera necesario a realización de axustes por considerar que as diferenzas a axustar son mais ben residuais que financeiramente significativas, incluído o axuste por grado de execución.

#### CAPACIDADE/NECESIDADE FINANCIACIÓN NA APROBACIÓN DO ORZAMENTO 2018 CONFORME A NORMAS SEC

FUNDACIÓN TIC	ORZAMENTO 2018	Observacións
<b>Ingresos a efectos de Contabilidade Nacional</b>	<b>1.651.290,53</b>	
Importe neto de cifra negocios	1200,00	
Traballos previsto realizar pola empresa para o seu activo	0,00	
Ingresos accesorios e outros ingresos da xestión corrente	0,00	
Subvencións e transferencias correntes	1647.090,53	
Ingreso financeiros por xuros	3.000,00	
Ingresos de participacións en instrumentos de patrimonio (dividendos)	0,00	
Ingresos excepcionais	0,00	
Aportacións patrimoniais	0,00	
Subvencións de capital previsto recibir	0,00	
<b>Gastos a efectos de Contabilidade Nacional</b>	<b>1.651.290,53</b>	
Aprovisionamentos	20.000,00	
Gastos de persoal	1.077.622,50	
Outros gastos de explotación	342.668,03	
Gastos financeiros e asimilados	1000,00	
Imposto de sociedades	0,00	
Outros impostos	0,00	
Gastos excepcionais	0,00	
Variacións do Inmov. material e intanxible; de inv. inmobiliarias; de existencias	100.000,00	
Variac. existencias de pto. terminados e en curso de fabricación	0,00	
Aplicación de provisións	0,00	
Aplicación de provisións	0,00	
Axudas, transferencias e subvencións concedidas	80.000,00	
<b>(+) CAPACIDADE / (-) NECESIDADE DE FINANCIAMENTO</b>	<b>0,00</b>	

Lugo, a 13 de novembro de 2017

A interventora,



Rosa Abelleira Fernández



DEPUTACIÓN DE LUGO

ORZAMENTOS 2018

# 20. Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento







30 NOV. 2017

ENTRADA n.º 35839  
DECRETO pase a Intervención

CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO



**Data:** 29/11/2017

**Orixe:** Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento

**Asunto:**

Comunicación do acordo do Pleno do Consorcio de data 23-11-2017.

**Destinatario:**

Intervención da Deputación Provincial de Lugo  
Rúa San Marcos,8  
27001 Lugo (Lugo)

O Pleno do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de novembro do 2017, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

*"1. Aprobar o Orzamento para o exercicio 2018 que ascende a 4.992.950,64 €, o cal cumpre co principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, cos estados de gastos e ingresos, segundo o resumo seguinte, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ao expediente.*

*2. De conformidade co disposto polo artigo 168.5 do dito Texto refundido, declarar expresamente que o Orzamento aprobado se compón unicamente polo da propia Entidade, respondendo o resumo por capítulos do mesmo aos seguintes extremos:*

INGRESOS	
CAPÍTULO	IMPORTE EUROS
I IMPOSTOS DIRECTOS	0,00
II IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00
III TAXAS, P. PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	850.100,00
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	4.142.750,64
V INGRESOS PATRIMONIAIS	100,00
VI ENAXENACIÓN DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
VIII ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
IX PASIVOS FINANCEIROS	0,00
<b>TOTAL ESTADO DE INGRESOS</b>	<b>4.992.950,64</b>

GASTOS	
CAPÍTULO	IMPORTE EUROS
I GASTOS DE PERSOAL	82.060,37
II GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	4.910.790,27
III GASTOS FINANCEIROS	100,00
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	0,00
-	-
VI INVESTIMENTOS REAIS	0,00
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
VIII ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
IX PASIVOS FINANCEIROS	0,00
<b>TOTAL ESTADO DE GASTOS</b>	<b>4.992.950,64</b>

*3. A aplicación orzamentaria 136.22799 "Outros traballos realizados por outras empresas" poderá ser ampliada ao longo do exercicio 2018 polo importe das cantidades aportadas polos entes consorciados para a modificación salarial do persoal que presta servizos nos parques de bombeiros dependentes deste consorcio provincial.*



CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

4. Na previsión de liquidación de 2017 estímase un incremento aproximado de 84.648,00 € nos dereitos recoñecidos netos sobre as previsións iniciais do concepto do orzamento de ingresos “Contribucións especiais para o establecemento ou ampliación de servizos” o que previsiblemente incrementará o remanente líquido de tesourería, o cal, se ben non pode formar parte das previsións iniciais do orzamento si poderá ser destinado ao longo do exercicio 2018 para o financiamento de modificacións orzamentarias para habilitar novos créditos para dar cobertura orzamentaria a novas necesidades.

5. De conformidade co disposto nos apartados anteriores, o presente acordo de aprobación comprende a todos os documentos e anexos que compoñen o referido orzamento entre os que figuran:

- As bases para a execución do orzamento, consonte ao disposto no art. 165.1 do citado Texto refundido sendo de aplicación as da Deputación Provincial de Lugo.
- Anexo comprensivo do cadro de persoal e relación de postos de traballo deste consorcio, de conformidade co disposto no art. 90 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local e art. 168 do texto refundido e demais disposicións concordantes.
- Anexo de investimentos, consonte ao artigo 168 do RDL 2/2004.
- Proposta do orzamento remitida á Dirección Xeral de Orzamentos a través da aplicación informática especialmente habilitada (PAIF).

6. Aprobar o límite de gasto non financeiro para 2018 ascendente a 5.090.100,06 € e a masa salarial do persoal laboral que ascende a 37.203,60 €.

7. De acordo co disposto no art. 19 dos Estatutos do Consorcio determinar que as funcións reservadas a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter estatal, prestaranse de acordo co disposto no seu apartado b), e dicir a través do servizo de asistencia da Deputación de acordo co previsto no Real Decreto 1732/1994, de 29 de xullo, e en concreto polo desenvolvemento de devanditas funcións polo Secretario Xeral Adxunto da Deputación de Lugo, polo cal percibirá as gratificacións, en aplicación analóxica, do disposto no art. 31 do citado Real Decreto.

8. Tal e como preceptúa o art. 169 do repetido Texto Refundido, publicar o edicto correspondente no BOP de Lugo, a fin de que os interesados aos que fai mención o apartado 1 do art. 171 dese texto legal, poidan examinar o expediente e presentar reclamacións contra o Orzamento inicialmente aprobado consonte os motivos que a tales efectos enumera o apartado 2 do propio artigo 171 citado e durante o prazo de quince días hábiles.

En concordancia co disposto polo art. 169.1 do propio Texto Refundido si transcorrido o prazo de 15 días hábiles non se presentara reclamación ningunha, o presente acordo quedará automaticamente elevado a definitivo así como o propio Orzamento deste Consorcio para 2018, debendo procederse, para a entrada en vigor, á publicación requirida polo apartado 3 do propio art. 169, e ás remisións que recolle o apartado 4 do mesmo en relación co previsto polo art. 70.2 e concordantes da xa citada Lei reguladora das Bases do Réxime Local.



## CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

*Aprobado definitivamente o Orzamento, deberá cumprimentarse, en tempo e forma, a remisión que en materia de persoal recolle o art. 127 do Texto Refundido aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril.*

*No caso de se producir reclamacións, serán elevadas a este Pleno previos os informes que se estimen oportunos, para a súa revisión, resolución e adopción do acordo de aprobación definitiva expreso para que, unha vez adoptado, se proceda consonte queda dito para a efectiva entrada en vigor do Orzamento.*

*9. Outorgar á Presidencia as pertinentes autorizacións para a efectividade e execución do presente acordo do que deberá emitirse certificación para unir ao expediente que compón o documento orzamentario inicialmente aprobado”*

Xúntase a este escrito, copia do Orzamento do Consorcio Provincial para o exercicio 2018.

O que lle comunico para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

O Secretario-Interventor

Asdo.: Jose Antonio Mourelle Cillero





*CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO*



# **ORZAMENTO 2018**





## **PROPOSTA DA PRESIDENCIA DA COMISIÓN EXECUTIVA DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO PARA A APROBACIÓN DO ORZAMENTO PARA 2018**

---

A Presidencia da Comisión Executiva do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, formula a presente proposta co fin de, en cumprimento do art. 13º dos Estatutos do Consorcio, a Comisión Executiva aprobe o proxecto de orzamento para o exercicio 2018, que se presentará para a súa aprobación no Pleno para o cal se achega a documentación seguinte:

- Estado de ingresos
- Estado de gastos
- Liquidacións orzamentos
- Anexo de investimentos
- Anexo do estado da débeda
- Anexo de persoal
- Bases de execución do orzamento
- Informe económico financeiro
- Informe de Secretaría Intervención
- Informe de avaliación da estabilidade orzamentaria, regra de gasto, límite de gasto non financeiro e débeda pública.

En consonancia coa documentación que precede propónse á Comisión Executiva adopción dos seguintes acordos:

1. A aprobación do proxecto de orzamento que se presentará para a súa aprobación no Pleno.
2. A aprobación do anexo de persoal para a súa aprobación definitiva no Pleno.

Lugo, 13 de novembro de 2017

O PRESIDENTE DA COMISIÓN EXECUTIVA



## PROPOSTA DO PRESIDENTE DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO PARA A APROBACIÓN DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2018

Luís Menor Pérez, en calidade de Presidente do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, formula a presente proposta co fin de elevar ao Pleno do Consorcio e, previos os trámites oportunos, proceda á aprobación do Orzamento do exercicio de 2018, para o cal achega ao Pleno a documentación seguinte:

- Estado de ingresos
- Estado de gastos
- Liquidacións orzamentos
- Anexo de investimentos
- Anexo do estado da débeda
- Anexo de persoal
- Bases de execución do orzamento
- Informe económico financeiro
- Informe de Secretaría Intervención
- Informe de avaliación da estabilidade orzamentaria, regra de gasto, límite de gasto non financeiro e débeda pública.

En consonancia coa documentación que precede propónse ao Pleno do Consorcio, a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar o Orzamento para o exercicio 2018 que ascende a 4.992.950,64 €, o cal cumpre co principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, cos estados de gastos e ingresos, segundo o resumo seguinte, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ao expediente.
2. De conformidade co disposto polo artigo 168.5 do dito Texto refundido, declarar expresamente que o Orzamento aprobado se compón unicamente polo da propia Entidade, respondendo o resumo por capítulos do mesmo aos seguintes extremos:

INGRESOS	
CAPÍTULO	IMPORTE EUROS
I IMPOSTOS DIRECTOS	0,00
II IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00
III TAXAS, P. PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	850.100,00
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	4.142.750,64
V INGRESOS PATRIMONIAIS	100,00
VI ENAXENACIÓN DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
VIII ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
IX PASIVOS FINANCEIROS	0,00
<b>TOTAL ESTADO DE INGRESOS</b>	<b>4.992.950,64</b>

GASTOS	
CAPÍTULO	IMPORTE EUROS
I GASTOS DE PERSOAL	82.060,37
II GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	4.910.790,27
III GASTOS FINANCEIROS	100,00
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	0,00
-	-
VI INVESTIMENTOS REAIS	0,00
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
VIII ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
IX PASIVOS FINANCEIROS	0,00
<b>TOTAL ESTADO DE GASTOS</b>	<b>4.992.950,64</b>



3. A aplicación orzamentaria 136.22799 “Outros traballos realizados por outras empresas” poderá ser ampliada ao longo do exercicio 2018 polo importe das cantidades aportadas polos entes consorciados para a modificación salarial do persoal que presta servizos nos parques de bombeiros dependentes deste consorcio provincial.

4. Na previsión de liquidación de 2017 estímase un incremento aproximado de 84.648,00 € nos dereitos recoñecidos netos sobre as previsións iniciais do concepto do orzamento de ingresos “Contribucións especiais para o establecemento ou ampliación de servizos” o que previsiblemente incrementará o remanente líquido de tesourería, o cal, se ben non pode formar parte das previsións iniciais do orzamento si poderá ser destinado ao longo do exercicio 2018 para o financiamento de modificacións orzamentarias para habilitar novos créditos para dar cobertura orzamentaria a novas necesidades.

5. De conformidade co disposto nos apartados anteriores, o presente acordo de aprobación comprende a todos os documentos e anexos que compoñen o referido orzamento entre os que figuran:

- As bases para a execución do orzamento, consonte ao disposto no art. 165.1 do citado Texto refundido sendo de aplicación as da Deputación Provincial de Lugo.
- Anexo comprensivo do cadro de persoal e relación de postos de traballo deste consorcio, de conformidade co disposto no art. 90 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local e art. 168 do texto refundido e demais disposicións concordantes.
- Anexo de investimentos, consonte ao artigo 168 do RDL 2/2004.
- Proposta do orzamento remitida á Dirección Xeral de Orzamentos a través da aplicación informática especialmente habilitada (PAIF).

6. Aprobar o límite de gasto non financeiro para 2018 ascendente a 5.090.100,06 € e a masa salarial do persoal laboral que ascende a 37.203,60 €.

7. De acordo co disposto no art. 19 dos Estatutos do Consorcio determinar que as funcións reservadas a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter estatal, prestaranse de acordo co disposto no seu apartado b), e dicir a través do servizo de asistencia da Deputación de acordo co previsto no Real Decreto 1732/1994, de 29 de xullo, e en concreto polo desenvolvemento de devanditas funcións polo Secretario Xeral Adxunto da Deputación de Lugo, polo cal percibirá as gratificacións, en aplicación analóxica, do disposto no art. 31 do citado Real Decreto.

8. Tal e como preceptúa o art. 169 do repetido Texto Refundido, publicar o edicto correspondente no *BOP* de Lugo, a fin de que os interesados aos que fai mención o apartado 1 do art. 171 dese texto legal, poidan examinar o expediente e presentar reclamacións contra o



Orzamento inicialmente aprobado consonte os motivos que a tales efectos enumera o apartado 2 do propio artigo 171 citado e durante o prazo de quince días hábiles.

En concordancia co disposto polo art. 169.1 do propio Texto Refundido si transcorrido o prazo de 15 días hábiles non se presentara reclamación ningunha, o presente acordo quedará automaticamente elevado a definitivo así como o propio Orzamento deste Consorcio para 2018, debendo procederse, para a entrada en vigor, á publicación requirida polo apartado 3 do propio art. 169, e ás remisións que recolle o apartado 4 do mesmo en relación co previsto polo art. 70.2 e concordantes da xa citada Lei reguladora das Bases do Réxime Local.

Aprobado definitivamente o Orzamento, deberá cumprimentarse, en tempo e forma, a remisión que en materia de persoal recolle o art. 127 do Texto Refundido aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril.

No caso de se producir reclamacións, serán elevadas a este Pleno previos os informes que se estimen oportunos, para a súa revisión, resolución e adopción do acordo de aprobación definitiva expreso para que, unha vez adoptado, se proceda consonte queda dito para a efectiva entrada en vigor do Orzamento.

9. Outorgar á Presidencia as pertinentes autorizacións para a efectividade e execución do presente acordo do que deberá emitirse certificación para unir ao expediente que compón o documento orzamentario inicialmente aprobado.

Lugo, 13 de novembro de 2017

O Presidente,



Luís Menor Pérez





*CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO*

---

**ESTADO DE INGRESOS**



## ESTADO DE INGRESOS 2018

<b>TOTAL CAPÍTULO 1 IMPOSTOS DIRECTOS</b>		<b>0,00</b>
<b>TOTAL CAPITULO 2 IMPOSTOS INDIRECTOS</b>		<b>0,00</b>
<b>TOTAL CAPÍTULO 3 TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS</b>		<b>850.100,00</b>
<i>art. 32 Taxas pola realización de actividades de competencia local</i>		<b>100,00</b>
32500	Taxas pola expedición de documentos	100,00
<i>art. 35 Contribucións especiais</i>		<b>850.000,00</b>
35100	Para o establecemento ou ampliación de servizos	850.000,00
<b>TOTAL CAPÍTULO 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>		<b>4.142.750,64</b>
<i>art. 45 De Comunidades Autónomas</i>		<b>2.071.375,32</b>
45001	Da administración xeral da Comunidade Autónoma Galega	2.071.375,32
<i>art. 46 De entidades locais</i>		<b>2.071.375,32</b>
46100	Da Deputación Provincial de Lugo	2.071.375,32
<b>TOTAL CAPÍTULO 5 INGRESOS PATRIMONIAIS</b>		<b>100,00</b>
<i>art. 52 Intereses de depósitos</i>		<b>100,00</b>
52000	Intereses de depósitos	100,00
<b>TOTAL CAPITULO 6 ENAXENACIÓN DE INVESTIMENTOS REAIS</b>		<b>0,00</b>
<b>TOTAL CAPÍTULO 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL</b>		<b>0,00</b>
<b>TOTAL CAPITULO 8 ACTIVOS FINANCEIROS</b>		<b>0,00</b>
<b>TOTAL CAPÍTULO 9 PASIVOS FINANCEIROS</b>		<b>0,00</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO INGRESOS</b>		<b>4.992.950,64</b>

**RESUMO POR CAPÍTULOS.****Estado de ingresos**

A) TOTAL INGRESOS CORRENTES 4.992.950,64

CAPÍTULO 1	IMPOSTOS DIRECTOS	0,00
CAPÍTULO 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00
CAPÍTULO 3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	850.100,00
CAPÍTULO 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	4.142.750,64
CAPÍTULO 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	100,00

B) TOTAL INGRESOS DE CAPITAL 0,00

CAPÍTULO 6	ENAXENACIÓN DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00
CAPÍTULO 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
CAPÍTULO 8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
CAPÍTULO 9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00

<b>TOTAL ESTADO DE INGRESOS</b>	<b>4.992.950,64</b>
---------------------------------	---------------------



*CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO*

**ESTADO DE GASTOS**

---



## ESTADO DE GASTOS

<b>ÁREA DE GASTO 1 SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS</b>		
<b>13. SEGURIDADE E MOBILIDADE CIDADÁ</b>		
<b>136. SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS</b>		
<b>TOTAL CAPÍTULO 1 GASTOS DE PERSOAL</b>		<b>82.060,37</b>
<b>Art. 10 Órganos de goberno y persoal directivo</b>		<b>5.100,00</b>
136.100	Retrib. básicas e outr. rem.membros dos órganos de goberno	5.100,00
<b>art. 12 Persoal funcionario</b>		<b>27.540,00</b>
136.121	Retribucións complementarias	27.540,00
<b>art. 13 Persoal laboral</b>		<b>37.203,60</b>
136.130	Laboral fixo	37.203,60
<b>art. 16. Cotas, prestacións e gastos sociais a cargo do empregador</b>		<b>12.216,77</b>
136.16000	Seguridade Social	12.216,77
<b>TOTAL CAPÍTULO 2 GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS</b>		<b>4.910.790,27</b>
<b>art. 20 Alugeres e cánones</b>		<b>10.200,00</b>
136.204	Aluguer de material de transporte	10.200,00
<b>art. 21 Reparacións, mantemento e conservación</b>		<b>2.805,00</b>
136.214	Elementos de transporte	1.275,00
136.219	Outro inmovilizado material	1.530,00
<b>art. 22 Material, subministrados e outros</b>		<b>4.892.685,27</b>
136.223	Transportes	510,00
136.22699	Outros gastos diversos	2.550,00
136.22799	Outros traballos realizados por outras empresas	4.889.625,27
<b>art. 23 Indemnizacións por razóns de servizo</b>		<b>3.570,00</b>
136.23000	Axudas de custo dos membros dos órganos de goberno	765,00
136.23020	Axudas de custo do persoal non directivo	765,00
136.23100	Locomoción dos membros dos órganos de goberno	510,00
136.231200	Locomoción do persoal non directivo	510,00
136.233	Outras indemnizacións	1.020,00
<b>art. 27 Gastos imprevistos e funcións non clasificadas</b>		<b>1.530,00</b>
136.270	Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	1.530,00
<b>TOTAL CAPÍTULO 3 GASTOS FINANCIEROS</b>		<b>100,00</b>
<b>art. 35 Intereses de demora e outros gastos financeiros</b>		<b>100,00</b>
136.359	Outros gastos financeiros	100,00
<b>TOTAL CAPÍTULO 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>		<b>0,00</b>
<b>TOTAL CAPÍTULO 6 INVESTIMENTOS REAIS</b>		<b>0,00</b>
<b>TOTAL CAPÍTULO 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL</b>		<b>0,00</b>
<b>TOTAL CAPÍTULO 8 ACTIVOS FINANCIEROS</b>		<b>0,00</b>
<b>TOTAL CAPÍTULO 9 PASIVOS FINANCIEROS</b>		<b>0,00</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO GASTOS</b>		<b>4.992.950,64</b>

**RESUMO POR CAPÍTULOS.****Estado de gastos**

A) OPERACIÓNS CORRENTES 4.992.950,64

CAPÍTULO 1	GASTOS DE PERSOAL	82.060,37
CAPÍTULO 2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	4.910.790,27
CAPÍTULO 3	GASTOS FINANCEIROS	100,00
CAPÍTULO 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	0,00

B) OPERACIÓNS DE CAPITAL 0,00

CAPÍTULO 6	INVESTIMENTOS REAIS	0,00
CAPÍTULO 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
CAPÍTULO 8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
CAPÍTULO 9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00

<b>TOTAL ESTADO DE GASTOS</b>	<b>4.992.950,63</b>
-------------------------------	---------------------



CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Liquidación Orzamento 2016

INGRESOS

CAPÍTULOS	Previsións Iniciais	Modificacións	Previsións Definitivas	Dereitos Recoñecidos	DR Anulados	DR Netos	% DR Netos sobre Prev. Def.	Recadación Neta	% Recad. Neta sobre DR Netos	Dereitos Pendentes de cobro	EXCESO /DEFECTO PREVISIÓN
1 IMPOSTOS DIRECTOS	-	-	-	-	-	-	0,00%	-	0,00%	0,00 €	0,00 €
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	-	-	-	-	-	-	0,00%	-	0,00%	0,00 €	0,00 €
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	774.100,00	-	774.100,00	817.541,81	-	817.541,81	105,61%	817.541,81	100,00%	0,00 €	-43.441,81 €
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	4.120.851,60	-	4.120.851,60	4.120.851,60	-	4.120.851,60	100,00%	4.120.851,60	100,00%	0,00 €	0,00 €
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	100,00	-	100,00	534,55	-	534,55	534,55%	534,55	100,00%	0,00 €	-434,55 €
6 ALLEAMENTO DE INVERSIÓN REAIS	-	-	-	-	-	-	0,00%	-	0,00%	0,00 €	0,00 €
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	-	-	-	231.552,86	-	231.552,86	#DIV/0!	28.920,00	0,00%	0,00 €	0,00 €
8 VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANXEIROS	-	231.552,86	231.552,86	-	-	-	0,00%	-	0,00%	0,00 €	-231.552,86 €
9 VARIACIÓN DE PASIVOS FINANXEIROS	-	-	-	-	-	-	0,00%	-	0,00%	0,00 €	0,00 €
<b>TOTAIS</b>	<b>4.895.051,60</b>	<b>231.552,86</b>	<b>5.126.604,46</b>	<b>5.170.480,82</b>	<b>-</b>	<b>5.170.480,82</b>	<b>100,86%</b>	<b>4.967.847,96</b>	<b>96,08%</b>	<b>0,00 €</b>	<b>-43.876,36 €</b>

GASTOS

CAPÍTULOS	Créditos Iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Gastos comprometidos	% Gcos. compr. sobre cred. def.	Obrigas Recoñecidas Netas	% O. Rec. sobre cred. Def.	Pagos Realizados	% Pagos real. sobre O. Rec. N.	Obrigas pendentes de pago	Remanentes de crédito
I GASTOS PERSOAL	80.451,34	-	80.451,34	26.675,28	33,16%	26.675,28	33,16%	26.675,28	100,00%	-	53.776,06 €
II GASTOS EN BENS CORRENTES	4.814.500,26	-	4.814.500,26	4.684.558,72	97,30%	4.684.558,72	97,30%	4.290.609,93	91,59%	393.948,79	129.941,54 €
III GASTOS FINANXEIROS	100,00	-	100,00	-	0,00%	-	0,00%	-	0,00%	-	100,00 €
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	-	-	-	-	#DIV/0!	-	#DIV/0!	-	0,00%	-	0,00 €
VI INVESTIMENTOS REAIS	-	231.552,86	231.552,86	231.552,86	100,00%	231.552,86	100,00%	231.552,86	100,00%	-	0,00 €
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	-	-	-	-	#DIV/0!	-	#DIV/0!	-	0,00%	-	0,00 €
VIII VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANXEIROS	-	-	-	-	0,00%	-	0,00%	-	0,00%	-	0,00 €
IX VARIACIÓN DE PASIVOS FINANXEIROS	-	-	-	-	0,00%	-	0,00%	-	0,00%	-	0,00 €
<b>TOTAIS</b>	<b>4.895.051,60</b>	<b>231.552,86</b>	<b>5.126.604,46</b>	<b>4.942.786,86</b>	<b>96,41%</b>	<b>4.942.786,86</b>	<b>96,41%</b>	<b>4.548.838,07</b>	<b>92,03%</b>	<b>393.948,79</b>	<b>183.817,60 €</b>

RESULTADO ORZAMENTARIO

CONCEPTOS	Dereitos Recoñecidos Netos	Obrigas Recoñecidas Netas	Axustes	Resultado Orzamentario
a. Operacións correntes	4.938.927,96	4.711.234,00	-	227.693,96
b. Outras operacións non financeiras	231.552,86	231.552,86	-	0,00 €
1. Total operacións non financeiras (a+b)	5.170.480,82	4.942.786,86	-	227.693,96
2. Activos financeiros	-	-	-	0,00 €
3. Pasivos financeiros	-	-	-	0,00 €
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	5.170.480,82	4.942.786,86	-	227.693,96
AXUSTES:	-	-	-	-
4. Crédi. g. financ. con rem. Tesorería para glos. xerais	-	-	-	-
5. Desviacións de financiación negativas do exercicio	-	-	-	-
6. Desviacións de financiación positivas do exercicio	-	-	-	-
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	-	-	-	227.693,96

Liquidación Orzamento 2017 a 30 de xuño

INGRESOS

CAPÍTULOS	Previsións Iniciais	Modificacións	Previsións Definitivas	Dereitos Recoñecidos	DR Anulados	DR Netos	% DR Netos sobre Prev. Def.	Recadación Neta	% Recad. Neta sobre DR Netos	Dereitos Pendentes de cobro	EXCESO /DEFECTO PREVISIÓN
1 IMPOSTOS DIRECTOS	-	-	-	-	-	-	0,00%	-	0,00%	-	-
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	-	-	-	-	-	-	0,00%	-	0,00%	-	-
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	774.100,00	-	774.100,00	613.156,36	-	613.156,36	79,21%	613.156,36	0,00%	-	160.943,64
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	4.120.851,60	-	4.120.851,60	4.120.851,60	-	4.120.851,60	100,00%	1.971.140,91	47,83%	2.149.710,69	-
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	100,00	-	100,00	181,87	-	181,87	181,87%	181,87	100,00%	-	81,87
6 ALLEAMENTO DE INVERSIÓN REAIS	-	-	-	-	-	-	0,00%	-	0,00%	-	-
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	-	-	-	-	-	-	#DIV/0!	-	#DIV/0!	-	-
8 VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANXEIROS	-	-	-	-	-	-	0,00%	-	0,00%	-	-
9 VARIACIÓN DE PASIVOS FINANXEIROS	-	-	-	-	-	-	0,00%	-	0,00%	-	-
<b>TOTAIS</b>	<b>4.895.051,60</b>	<b>-</b>	<b>4.895.051,60</b>	<b>4.734.189,83</b>	<b>-</b>	<b>4.734.189,83</b>	<b>96,71%</b>	<b>2.584.479,14</b>	<b>54,59%</b>	<b>2.149.710,69</b>	<b>160.861,77</b>

GASTOS

CAPÍTULOS	Créditos Iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Gastos comprometidos	% Gcos. compr. sobre cred. def.	Obrigas Recoñecidas Netas	% O. Rec. sobre cred. Def.	Pagos Realizados	% Pagos real. sobre O. Rec. N.	Obrigas pendentes de pago	Remanentes de crédito
I GASTOS PERSOAL	80.451,34 €	0,00 €	80.451,34 €	26.675,28 €	33,16%	13.337,64 €	16,58%	13.337,64 €	100,00%	0,00 €	67.113,70 €
II GASTOS EN BENS CORRENTES	4.814.500,26 €	0,00 €	4.814.500,26 €	4.666.574,84 €	96,93%	1.945.338,44 €	40,41%	1.945.338,44 €	100,00%	0,00 €	2.869.161,82 €
III GASTOS FINANXEIROS	100,00 €	0,00 €	100,00 €	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00%	0,00 €	100,00 €
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	- €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-	0,00 €	-	0,00 €	-	0,00 €	0,00 €
VI INVESTIMENTOS REAIS	- €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-	0,00 €	-	0,00 €	-	0,00 €	0,00 €
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	- €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	#DIV/0!	0,00 €	#DIV/0!	0,00 €	#DIV/0!	0,00 €	0,00 €
VIII VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANXEIROS	- €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-	0,00 €	-	0,00 €	-	0,00 €	0,00 €
IX VARIACIÓN DE PASIVOS FINANXEIROS	- €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-	0,00 €	-	0,00 €	-	0,00 €	0,00 €
<b>TOTAIS</b>	<b>4.895.051,60 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>4.895.051,60 €</b>	<b>4.692.250,12 €</b>	<b>95,88%</b>	<b>1.958.676,08 €</b>	<b>40,01%</b>	<b>1.958.676,08 €</b>	<b>100,00%</b>	<b>0,00 €</b>	<b>2.936.375,52 €</b>

RESULTADO ORZAMENTARIO

CONCEPTOS	Dereitos Recoñecidos Netos	Obrigas Recoñecidas Netas	Axustes	Resultado Orzamentario
a. Operacións correntes	4.734.189,83	1.958.676,08 €	-	2.775.513,75 €
b. Outras operacións non financeiras	0,00 €	0,00 €	-	0,00 €
1. Total operacións non financeiras (a+b)	4.734.189,83 €	1.958.676,08 €	-	2.775.513,75 €
2. Activos financeiros	0,00 €	0,00 €	-	0,00 €
3. Pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €	-	0,00 €
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	4.734.189,83 €	1.958.676,08 €	-	2.775.513,75 €
AXUSTES:	-	-	-	-
4. Crédi. g. financ. con rem. Tesorería para glos. xerais	-	-	-	-
5. Desviacións de financiación negativas do exercicio	-	-	-	-
6. Desviacións de financiación positivas do exercicio	-	-	-	0,00 €
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	-	-	-	2.775.513,75 €


**CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO**
**Estimación Liquidación Orzamento 2017**

(a 31 de decembro)

**INGRESOS**

CAPÍTULOS	Previsións Iniciais	Modificacións	Previsións Definitivas	DR Netos	% DR Netos sobor Prev. Def.
1 IMPOSTOS DIRECTOS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	774.100,00 €	0,00 €	774.100,00 €	858.648,02 €	110,92%
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	4.120.851,60 €	0,00 €	4.120.851,60 €	4.120.851,60 €	100,00%
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	100,00 €	0,00 €	100,00 €	242,49 €	242,49%
6 ALLEAMENTO DE INVERSIÓN REAIS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	# DIV/0!
8 VARIACION DE ACTIVOS FINANCIEROS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-
9 VARIACION DE PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-
<b>TOTAIS</b>	<b>4.895.051,60 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>4.895.051,60 €</b>	<b>4.979.742,11 €</b>	<b>101,73%</b>

**GASTOS**

CAPÍTULOS	Créditos Iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Obrigas Recoñecidas Netas	% O. Rec. sobor créd. Def.
I GASTOS PERSOAL.	80.451,34 €	0,00 €	80.451,34 €	31.274,55 €	38,87%
II GASTOS EN BENS CORRENTES	4.814.500,26 €	0,00 €	4.814.500,26 €	4.755.260,19 €	98,77%
III GASTOS FINANCIEROS	100,00 €	0,00 €	100,00 €	0,00 €	0,00%
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	# DIV/0!
VI INVESTIMENTOS REAIS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	# DIV/0!
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	# DIV/0!
VIII VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCIEROS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-
IX VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	-
<b>TOTAIS</b>	<b>4.895.051,60 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>4.895.051,60 €</b>	<b>4.786.534,74 €</b>	<b>97,78%</b>





*CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO*

## **ANEXO DE INVESTIMENTOS**

---

Non se inclúen no orzamento do exercicio 2018 créditos para a realización de investimentos reais nin transferencias de capital.



## **ANEXO DE ESTADO DE PREVISIÓN DE MOVEMENTOS E SITUACIÓN DA DÉBEDA**

JOSÉ ANTONIO MOURELLE CILLERO, SECRETARIO-INTERVENTOR DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

### **CERTIFICA:**

Que segundo se desprende dos documentos arquivados nesta Secretaría – Intervención ó meu cargo, e en relación coa existencia nesta Entidade de débeda viva a longo ou curto prazo ás que fai referencia o artigo 48 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, resulta que:

1. Esta Entidade non ten contraída, ó día da data, crédito ningún dos que citan os artigos sinalados, non existindo, consecuentemente, débeda viva a longo ou curto prazo.
2. Que no proxecto do Orzamento da entidade para o exercicio de 2018, non figura previsión ningunha no Capítulo IX do estado de ingresos, procedente de contracción de débeda a longo prazo.

E para que así conste para a súa unión ao expediente comprensivo do Orzamento de 2018 desta Entidade, ós efectos sinalados polo artigo 166.1.d) do citado Texto legal, emito a presente certificación, en cumprimento, así mesmo, do disposto polo art. 2.e) e concordantes do Regulamento aprobado polo Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, de orde e co visto e prace do Ilmo. Sr. Presidente, en Lugo a trece de novembro de dous mil dezasete.

V.<sup>º</sup> e pr.  
O PRESIDENTE



## ANEXO DE PERSOAL

En cumprimento do disposto polos artigos 126.1 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril e, art. 168.1.c) da Lei reguladora das Facendas Locais, Texto Refundido aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o presente Anexo, é o comprensivo da Plantilla de Persoal deste Consorcio e réxime retributivo do mesmo para o vindeiro ano 2018 de acordo coas normas de aplicación e os documentos que se relacionan a continuación.

### I. Cadro de persoal, relación de postos de traballo e réxime retributivo

A. **Cadro de persoal:** aos efectos de publicación determinados no artigo 127 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local e o artigo 169.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e demais concordantes, o cadro de persoal contemplado por este orzamento en congruencia coa plantilla - catálogo de postos de traballo é o seguinte:

#### 1. Funcionarios de carreira

DENOMINACIÓN	DOTACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	GRUPO	NÍVEL
			CATEGORÍA		
Secretaría- Intervención (*)	1	Habilitación estatal	Secretaría-Intervención	A	26
			Terceira	A1	
Técnico de xestión económica	1	Acumula DPL		A1	
Técnico de xestión administrativa	1	Acumula DPL		A2	

(\*) Desempeñado en acumulación por Secretario Xeral adxunto da Deputación Provincial de Lugo

#### 2. Persoal laboral fixo

DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	GRUPO	SITUACIÓN	XORNADA SEMANAL	FORMA DE PROVISIÓN
Xerente	1	1	VD	40 horas	Nomeamento
TOTAL	1				

**B. Relación de postos de traballo. Responde ao seguinte:**

## 1. Persoal funcionario

DESCRICIÓNS			RETRIBUCIÓNS
DENOMINACIÓN	PRAZAS	GRUPO SUBGRUPO	INDEMNIZACIÓN DESEMPEÑO POR PERSOAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO
Secretaría - Intervención	1	A1	19.800,00 €
Técnico de xestión económica	1	A1	3.600,00 €
Técnico de xestión administrativa	1	A2	3.600,00 €

## 2. Persoal laboral fixo

DESCRICIÓNS			RETRIBUCIÓN MENSUAL (12 PAGAS)	P. EXTRA C/U
DENOMINACIÓN	DOTACIÓN	GRUPO		
Xerencia	1	1	2.665,96 €	2.241,30 €

**C. Réxime retributivo. CADRO DE PERSOAL 2018<sup>1</sup>**

## 1. Persoal funcionario

EFECTIVO	RETRIBUCIÓNS		CUSTO TOTAL
	mensual	período	
Secretaría - Intervención	1.650,00 €		19.800,00 €
		19.800,00 €	
Técnico de xestión económica	300,00 €		3.600,00 €
		3.600,00 €	
Técnico de xestión administrativa	300,00 €		3.600,00 €
		3.600,00 €	

## 2. Persoal laboral fixo

EFECTIVO	RETRIBUCIÓNS		SEGURIDADE SOCIAL	CUSTO TOTAL
	mensual	período		
Xerencia	3.039,51 €		11.977,22 €	48.451,34 €
		36.474,12 €		

**CUSTO CADRO DE PERSOAL 2018**

DENOMINACIÓN	PRAZAS	SALARIAIS	SEG. SOCIAL	TOTAIS
Secretaría - Intervención	1	19.800,00 €	0,00 €	19.800,00 €
Xerencia	1	36.474,12 €	11.977,22 €	48.451,34 €
Técnico de xestión económica	1	3.600,00 €	0,00 €	3.600,00 €
Técnico de xestión administrativa	1	3.600,00 €	0,00 €	3.600,00 €
	<b>4</b>	<b>63.474,12 €</b>	<b>11.977,22 €</b>	<b>75.451,34 €</b>

<sup>1</sup> En todos os casos no concepto anual e mensual se inclúe a prorrata das pagas extraordinarias.



## INFORME ECONÓMICO FINANCEIRO DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN

---

Á vista do Proxecto do Orzamento desta Entidade para 2018 que remite a Ilma. Presidencia, esta Secretaría - Intervención, emite o informe económico - financeiro e que deberá formar parte dos documentos que integran o expediente de dito Orzamento, con sometemento ó Pleno do Consorcio, como require o art. 168.1.e) do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (en adiante, LRFL) e o art. 18.1.e) do Regulamento aprobado polo Real Decreto 500/1990 do 20 de abril (en adiante RD 500/90) que desenvolve parcialmente o indicado texto legal. Atendido o anterior, o presente informe analizará os elementos seguintes:

- I. Bases utilizadas para a avaliación dos ingresos.
- II. Suficiencia dos créditos para atender ás obrigas esixibles e dos gastos de funcionamento dos servizos.
- III. Análise económico - financeiro:

### I. Bases utilizadas para a avaliación dos ingresos

#### I.1. Ingresos correntes

##### Capítulos I e II

Dado que o Consorcio carece das imposicións directa e indirecta á que fan referencia estes capítulos, non se prevé recadación ningunha polos mesmos .

##### Capítulo III

Toda vez que con data 11 de xuño de 2013, o Presidente do Consorcio aproba o texto do Concerto de colaboración subscrito coa “Gestora de Concertos para a Contribución a los servicios de Extinción de incendios A.I.E.” (UNESPA) para a liquidación e recadación da Contribución Especial para o Establecemento, Mellora e Ampliación dos Servizos de Prevención e Extinción de Incendios, prevese nestes orzamentos o ingreso do importe global da Contribución Especial correspondente ao exercicio 2018 por importe de 850.100,00 €, similar á cantidade recadada no exercicio anterior.

No caso de que ao longo do exercicio do exercicio 2018 se produciran maiores ingresos sobre os inicialmente orzamentados e existiran necesidades novas, imprevistas ou fora insuficiente o gasto establecido, o Pleno poderá acordar a conseguinte modificación de créditos acudindo ao autofinanciamento e, polo tanto, sen necesidade de que as dúas Administracións que forman o Consorcio teñan que realizar máis achegas das inicialmente previstas.



#### **Capítulo IV**

Neste capítulo se inclúen os ingresos previstos procedentes das dúas Administracións que forman o Consorcio para acometer os distintos gastos correntes: gastos de funcionamento.

#### **Capítulo V**

Prevense uns ingresos mínimos procedentes de intereses bancarios por importe de 100,00€. Trátase dunha previsión moi prudente probablemente superada na liquidación final do orzamento.

#### **I.2. Ingresos de capital**

#### **Capítulo VI**

Non prevéndose alleamento ou venda do patrimonio, tampouco pode preverse ingreso ningún procedente daquelas.

#### **Capítulo VII**

No se prevé o recoñecemento de dereitos por transferencias de capital dos entes consorciados posto que no se orzamenta cantidade algunha para operacións de capital no orzamento de gastos. deste consorcio as achegas dos entes consorciados para sufragar os gastos da fase de construción e equipamento dos parques se efectuarán ao 50% do total do orzamento.

#### **I.3. Ingresos por operacións financeiras**

#### **Capítulos VIII e IX**

Non se prevén ingresos por activos financeiros nin por operacións de préstamo a longo prazo de pasivos financeiros, polo que os Capítulos VIII e IX, quedan cunha previsión inicial de 0,00 €.

Na previsión de liquidación de 2017 estímase un incremento aproximado de 84.648,00 € nos dereitos recoñecidos netos sobre as previsións iniciais do concepto do orzamento de ingresos “Contribucións especiais para o establecemento ou ampliación de servizos” o que previsiblemente incrementará o remanente líquido de tesourería, o cal, se ben non pode formar parte das previsións iniciais do orzamento si poderá ser destinado ao longo do exercicio 2018 para o financiamento de modificacións orzamentarias para habilitar novos créditos para dar cobertura orzamentaria a novas necesidades.



#### **I.4. Conclusión**

Atendido o que precede, despréndese que as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos son as derivadas das previsións das cantidades a liquidar no exercicio 2017 e veñen condicionados polas necesidades que figuran no orzamento de gastos sendo aquelas necesidades, especialmente, no que toca aos gastos provocados polo funcionamento e a xestión indirecta dos parques así como os gastos de persoal directamente asociados ao funcionamento do servizo administrativo do Consorcio.

### **II. Suficiencia dos créditos para atender ás obrigas esixibles e ós gastos de funcionamento dos servizos**

#### **II.1. Operacións correntes**

##### **Capítulo I**

Recóllese unha previsión de gastos en materia de persoal (nóminas e seguros sociais) de acordo co establecido para os efectivos delimitados no anexo de persoal. Os salarios calcúlanse en función do tempo estimado en que se incorporarán ao Consorcio (12 meses no caso do xerente e dos dous técnicos de xestión administrativa e económica). Consígnanse tamén as cantidades para facer fronte ás indemnizacións do secretario interventor para doce mensualidades.

Incrementáanse as consignacións orzamentarias deste capítulo nun 2 % (pero non as incluídas no anexo de persoal) que poderá ser obxecto de axuste e función do incremento que se aprrobe nos Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2018.

##### **Capítulo II**

Recole os créditos en función das novas obrigas que se prevé contraer que se estiman necesarios e suficientes para a súa atención. Estímase que no ano 2018 se producirán gastos tanto nos órganos de goberno do Consorcio como os relativos á administración xeral do consorcio. Así mesmo, o gasto máis importante previsto neste capítulo é o que atinxe aos gastos de funcionamento de parques.

Incrementáanse os créditos deste capítulo nun 2,4 %, que é o límite para este exercicio de variación do gasto computable establecido polo Goberno da Nación en Consello de Ministros de 4 de xullo de 2017.

##### **Capítulo III e IV**

Non existen operacións de préstamo –a longo prazo ou tesourería– vixentes nin se prevén para esta anualidade obrigas por transferencia con Concellos.



## **II.2. Operacións de capital**

### **Capítulo VI**

Non se contempla para esta anualidade a realización de investimentos reais.

### **Capítulo VII**

Non se contemplan obrigas por transferencia de capital.

## **II.3. Operacións financeiras**

### **Capítulos VIII e IX**

No que respecta a obrigas por activos financeiros do Capítulo VIII e, finalmente, ás xeradas polos pasivos financeiros do Capítulo IX, carecendo esta Entidade de todas elas estes capítulos carecen de consignacións.

## **II.4. Conclusión**

Á vista do anterior, os créditos que figuran no Proxecto do Orzamento de 2018, aparecen esencialmente recollidos nos Capítulos I e II do Estado de Gastos, estimándose que pola súa contía e natureza deben ser suficientes para a atención das obrigas esixibles nese exercicio.

## **III. Análise económico - financeiro:**

Este é o informe económico – financeiro que emito, salvo erro ou omisión involuntarios na interpretación dos antecedentes e Ordenamento xurídico vixente, para a súa unión ó expediente do Orzamento do exercicio de 2018, a fin de que o Pleno deste Consorcio, á vista de dito expediente, e en exercicio das súas atribucións, adopte o acordo que, axustado a dereito, estime máis favorable para os intereses e fins da Entidade.

Lugo, 13 de novembro de 2017  
O Secretario – Interventor

José Antonio Mourelle Cillero





## INFORME DA SECRETARÍA - INTERVENCIÓN

---

En cumprimento do disposto polo art. 168.4 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (en adiante, **LRFL**), art. 18.4 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que o desenvolve parcialmente, ós efectos previstos polo art. 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, **LRBRL**) en relación co previsto polo art. 27 do Decreto 19/2009, do 5 de febreiro polo que se aproban os Estatutos do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, a súa modificación establecida no Decreto 136/2010, do 5 de agosto, polo que se aproba a modificación dos estatutos do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento e demais disposicións concordantes de aplicación, á vista do Proxecto do Orzamento deste Consorcio para o exercicio de 2018 que o Ilmo. Sr. Presidente me remite e, sen prexuízo do indicado no informe económico - financeiro que, está engadido xunto co resto dos documentos dese proxecto, esta Secretaría - Intervención, na súa función interventora, emite o presente informe, sobre a base do exame realizado a dito proxecto:

### I. Contía

O proxecto do Orzamento do Consorcio para o exercicio de 2018, ascende, tanto no Estado de Ingresos coma no de Gastos, á cantidade de 4.992.950,64 € (Catro millóns novecientos noventa e dous mil novecientos cincuenta e un euros con sesenta e catro céntimos). En consecuencia, se presenta para a súa aprobación, sen déficit inicial, tal e como require o art. 165.4 LRFL.

### II. Bases de Execución

A execución do orzamento realizarase de acordo coas Bases de Execución da Excm. Deputación Provincial de Lugo en tanto lle sexan de aplicación.

### III. Obrigas e previsións de ingresos:

Tendo en conta a especial idiosincrasia desta Entidade, se estima que se seguen as disposicións precisas a fin de se conter as previsións para atender ás obrigas da mesma e os dereitos que se calcula liquidar ó longo do exercicio, de conformidade co previsto na LRFL así como no art. 23 dos Estatutos.

### V. Persoal

Á vista do Anexo de Persoal, consta acomodada á Plantilla e Relación dos Postos de Traballo comprensiva da totalidade dos postos e as diferentes funcións e tarefas ós mesmos asignadas. As consignacións orzamentarias do capítulo inclúen unha previsión de incremento retributivo do 2



% en tanto que non regule expresamente coa aprobación dos Orzamentos Xerais do Estado para 2018.

#### V. Documentación que debe incluírse no Orzamento:

De conformidade co vixente texto da LRFL a documentación que debe integrar o expediente comprensivo do orzamento é a seguinte:

Documentación do art. 165 LRFL:

DOCUMENTOS ART. 165 LRFL	PROXECTO ORZAMENTO 2018
Estados de Gastos, que incluírán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ó cumprimento das obrigas.	Figuran elaborados
Estados de Ingresos, onde figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar ó longo do exercicio.	Figuran elaborados
Bases de execución.	Figuran elaboradas

#### 1. Anexos que deben unirse ó expediente, esixidos polo art. 166 LRFL:

DOCUMENTOS ART. 166 LRFL	PROXECTO ORZAMENTO 2018
De forma potestativa: plans e programas de inversión e financiamento que se formulen, polo prazo de catro anos.	Non figuran.
Programas anuais de actuación, inversión e financiamento das sociedades mercantís nas que o capital social teña como titular único ou maioritario a Entidade.	Non existen esas sociedades no Consorcio
Estado consolidado do orzamento da entidade e de tódolos OO.AA. e sociedades mercantís.	Non se da o suposto no Consorcio
Estado de previsión e movemento da débeda comprensiva ó detalle de operacións de crédito ou endebedamento pendente de reembolso ó principio do exercicio, das novas operacións previstas a realizar ó longo do exercicio – c/p e l/p-, así como a amortización que se prevé no exercicio.	Existe certificación negativa (inexistencia de débeda viva e prevista no proxecto de Orzamento para 2018)

#### 2. Documentos esixidos polo art. 168 LRFL:

DOCUMENTOS ART. 168 LRFL	PROXECTO ORZAMENTO 2018
Memoria da Presidencia explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.	Áchase formulada.
Anexo de persoal da Entidade.	Áchase engadido.
Anexo das inversións a realizar no exercicio.	Áchase engadido.
Informe económico - financeiro.	Áchase emitido e engadido.



Informe de Intervención, realizado sobre a base dos estados de gastos e ingresos e documentación que precede.

O presente informe.

## VI. Aprobación inicial e actos posteriores:

Completada a documentación que forma o Orzamento, o expediente se someterá á aprobación da Comisión Executiva para o seu posterior sometemento a aprobación do Pleno.

En calquera caso, o acordo plenario –de ser de aprobación- é un acordo único (xa que si fora o caso detallaría os orzamentos que integran o xeral, non podendo aprobarse ningún separadamente). A adopción do acordo correspóndelle ó Pleno do Consorcio en virtude do disposto polo art. 11 dos Estatutos, en relación co previsto polo art. 22.2.e) LRFL. Lémbrese que a adopción deste acordo non require de maioría cualificada ningunha, nin por esixencia legal nin estatutaria, polo que basta, para a súa adopción, a maioría ordinaria simple.

Aprobado inicialmente o Orzamento, exporase o público mediante a inserción do edicto correspondente no BOP durante o prazo de quince días hábiles, a fin de que durante o mesmo, poda ser examinado e, no seu caso, presentarse –ante o Pleno- polos interesados que a tales efectos cita o art. 170.1 LRFL, as reclamacións que estimen por conveniente, aínda que, unicamente polos motivos taxados que a estes efectos establece o art. 170.2 LRFL.

Caso de non se presentar reclamacións, o acordo inicial se eleva automaticamente a definitivo, sen necesidade de adopción expresa doutro, debendo procederse, de seguido, á publicación preceptiva ordenada polo art. 169.3 LRFL.

De presentarse reclamacións, o Pleno conta co prazo dun mes para, e previos os informes que proceda, resolver as mesmas no acordo de aprobación definitiva, procedéndose de seguido na forma indicada no apartado que precede.

## VII. Reclamacións na vía administrativa e recurso na xurisdiccional:

Existen dous momentos procesuais diferenciados que, por ilo, reflicten distintos ámbitos (administrativo e xurisdiccional), en canto a posibles impugnacións:

### a) Aprobación inicial:

Contra a aprobación inicial do Orzamento, unha vez publicado o edicto correspondente no "Boletín Oficial" da provincia, poderán presentarse reclamacións polos interesados ós que cita o art. 171.1 LRFL, no prazo de 15 días hábiles (contados a partires do seguinte, tamén hábil, ó da aparición do indicado anuncio) e polos motivos taxados que sinala o apartado 2 do propio art. 171 citado.

### b) Aprobación definitiva:



Aprobado definitivamente o Orzamento, ben por acordo expreso, ben por elevación automaticamente a definitivo do inicialmente adoptado, e unha vez realizada a correspondente publicación (art. 169.3 LRFL), poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso – administrativo, de conformidade co previsto polo art. 171 LRFL, aínda que este mesmo artigo indica que dita interposición, por si mesma, non suspende a aplicación do orzamento recorrido.

#### VIII. Remisións, entrada en vigor e actuacións conexas:

O orzamento entrará en vigor unha vez producida a publicación dos resumos que citan os artigos 169.3 LRFL, tendo en conta que o art. 70.2 LRBRL (respecto do prazo no intre das remisións dos acordos en relación co art. 65.2 da propia LRBRL) non é de aplicación para o caso dos orzamentos nin das ordenanzas fiscais.

Deberá remitirse (ao tempo que se fai o envío da publicación ó BOP –do art. 169.3 LRFL- do anuncio da aprobación definitiva) copia do orzamento ás Administracións da **Comunidade Autónoma** e á do **Estado**, tal e como require o art. 169.4 da propia LRFL.

Así mesmo, segundo o establecido pola orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, deberá remitirse ao Ministerio de facenda e Administracións Públicas antes do 31 de xaneiro de cada ano copia dos orzamentos aprobados. Si a 31 de xaneiro no se aprobou o Orzamento, deberá remitirse o prorrogado coas modificacións derivadas das normas reguladoras da prórroga.

Este é o informe que emito salvo erro ou omisión involuntarios na interpretación e/ou aplicación da documentación que se me presenta e do Ordenamento Xurídico vixente, nembargante, o Pleno do Consorcio co seu superior criterio, adoptará o acordo que, axustado a Dereito, estime máis oportuno para os intereses e fins da Entidade.

Lugo, 13 de novembro de 2017

O Secretario Interventor

José Antonio Mourelle Cillero



## INFORME DE SECRETARÍA - INTERVENCIÓN

---

**Asunto:** *Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto, límite de gasto non financeiro e do límite de débeda na aprobación dos orzamentos do exercicio 2018.*

En cumprimento do disposto no artigo 16 do RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o regulamento de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (en adiante REO), emítase o presente informe que se incorporará ao previsto no artigo 168.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais referido á aprobación do orzamento xeral de 2018, así como no disposto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante LOE), coa finalidade de avaliar o obxectivo de estabilidade orzamentaria xerado polo mesmo, o cumprimento da regra do gasto e o límite da débeda.

### **1. ÁMBITO SUBJECTIVO DE APLICACIÓN**

O presente informe refírese ao Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento (en adiante Consorcio de Bombeiros) e deberá ser remitido á Deputación de Lugo aos efectos de consolidación.

### **2. AVALIACION DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E REGRA DE GASTO NA APROBACIÓN DO ORZAMENTO 2018**

O artigo 11.4 da LOE establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.



A estabilidade orzamentaria implica que os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiro.

